

Área: Competicións**Circular nº 10 - Temp. 25/26****CAMBIOS HORARIOS E APRAZAMENTOS**

Lémbrese o protocolo de actuación para os seguintes casos nas diferentes ligas:

FIXACIÓN DE HORARIOS:

Os equipos locatarios ou organizadores, deben introducir antes do luns anterior á disputa do encontro, ás 20:00 horas e a través da plataforma MiSquad, os horarios exactos dos mesmos, xunto coa data e o terreo de xogo onde se celebrará. No caso de que a xornada se dispute por semana por mor dun festivo, os horarios deberán estar establecidos cinco días antes do encontro.

A partir do luns ás 20:00 horas, calquera cambio horario debe contar coa aceptación do Comité Territorial de Competición da FGBm; esta solicitude debe realizarse vía mail (cte.competicion@fgbalonman.com) e debe ir acompañada do xustificante de pago da taxa correspondente (30€); salvo nos casos de forza maior debidamente xustificados: covid, inclemencias climatolóxicas, incidencias no traslado do equipo, retraso na concesión por parte do propietario/a da instalación...

A FGBm entende que moitos clubs non establecen os horarios coma locatarios ata que coñecen os seus horarios coma visitantes, para optimizar os corpos técnicos; pero esa coordinación deberá realizarse vía telefónica antes do luns ás 20:00 horas, de non cumprir os prazos, darase traslado do incumprimento ao Comité de Competición.

APRAZAMENTOS:

Os aprazamentos deben solicitarse vía mail ao Comité Territorial de Competición da FGBm (cte.competicion@fgbalonman.com), e contémpanse dous tipos de aprazamentos:

- 1. DE MUTUO ACORDO ENTRE AMBOS CLUBS:** Deben solicitarse antes do luns previo á disputa do encontro ás 20:00 horas, a solicitude debe ir acompañada da conformidade por escrito dos dous equipos, xunto coa nova data, horario e pavillón de celebración.

De enviarse a solicitude despois do luns ás 20:00 horas, tamén deberá ir acompañada do xustificante de abono da taxa correspondente (30€).

2. **UNILATERAIS:** Deben solicitarse antes do luns previo á disputa do encontro ás 20:00 horas, a solicitude debe ir acompañada da xustificación e argumentación precisa para que o Comité Territorial de Competición poida valorar e resolver a solicitude.

De enviarse a solicitude despois do luns ás 20:00 horas, tamén deberá ir acompañada do xustificante de abono da taxa correspondente (30€), salvo nos casos de forza maior debidamente xustificados: covid, inclemencias climatolóxicas, incidencias no traslado do equipo, retraso na concesión por parte do propietario/a da instalación...

En Vigo a 06 de agosto de 2025.

